

BOP

BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA

Boletín Nº 33. Jueves, 10 de febrero de 2000

[- III. ADMINISTRACIÓN LOCAL](#) - [III.2 MUNICIPAL](#) - [CAMBRE](#)

ANUNCIO Pág. 1260 Reg. 912-PD / 905. Parte 1 de 2

 [Anterior](#)[Siguiente](#) *Ordenanza municipal de protección e defensa do medio natural*

Habiéndose elevado a definitivo el acuerdo adoptado por el Pleno de la Corporación en sesión extraordinaria celebrada el siete de abril de 1999 por el que se aprobaba inicialmente la ordenanza municipal de protección y defensa del medio ambiente por no haberse presentado ninguna reclamación o sugerencia a la misma, de acuerdo con el artículo 49.c) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, se procede a su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia, de conformidad con lo establecido en el artículo 70.2 de la misma Ley.

Contra esta disposición administrativa de carácter general no cabrá recurso en vía administrativa, de acuerdo con el artículo 107.3 de la Ley 30/92, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, si bien se podrá impugnar directamente ante la Jurisdicción Contencioso-Administrativa.

El plazo para interponer el recurso contencioso-administrativo es de dos meses a contar desde el día siguiente al de la publicación de esta disposición en el Boletín Oficial de la Provincia y deberá de presentarlo ante la Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, de acuerdo con el artículo 10.1 de la Ley 29/1998, reguladora de la Jurisdicción Contenciosa-Administrativa.

ORDENANZA MUNICIPAL DE PROTECCIÓN E DEFENSA DO MEDIO NATURAL**Índice**

Título I: Disposicións xerais.

Título II: Medidas preventivas, educativas e informativas.

Título III: Actuacións comprendidas na presente ordenanza.

Capítulo I.-Zonas verdes. Arborado autóctono e singular.

Capítulo II.-Contaminación lumínica.

Capítulo III.-Contaminación atmosférica.

Capítulo IV.-Protección e conservación da fauna natural. Trato humanitario os animais domésticos.

Título IV: Réxime sancionador.

Título V: Relacións interadministrativas e concertos.

Disposición adicional.

Disposición transitoria.

Disposición final.

ORDENANZA MUNICIPAL DE PROTECCIÓN E DEFENSA DO MEDIO NATURAL

Título I

Disposicións xerais.

Artigo 1.-Obxectivos.

1.-A efectos da presente Ordenanza, constitúen elementos-obxectivo integrantes da protección do medio natural os seguintes:

a) A conservación e extensión das zonas verdes de uso público e privadas catalogadas, así como a catalogación, conservación e incremento do arborado autóctono ou singular existente no Concello.

b) A protección das persoas contra a contaminación lumínica.

c) A redución da contaminación atmosférica por emisión de gases, cando se sobrepasen os niveis tolerables para a saúde humana ou se poida afectar gravemente ó medio natural da zona.

d) A protección e conservación da fauna natural dentro dos niveis de equilibrio ecolóxico e o trato humanitario ós animais domésticos e domesticados.

2.-Os aspectos relacionados cos residuos sólidos urbanos e o servizo de abastecemento de auga, así como cos ruídos e vibracións regularanse polas ordenanzas específicas de estas materias, que, nembargantes, poderán remitirse á presente nos aspectos que especificamente se indiquen nas mesmas.

Artigo 2.-Prevalencia legal.

1.-As previsións particulares contidas na presente Ordenanza enténdense de aplicación para o caso no que non exista normativa comunitaria, estatal ou autonómica que sexa prevalente na materia.

2.-A Ordenanza considérase de desenrolo e adaptación para o Concello de Cambre das prescricións establecidas na Lei 1/1995, de protección ambiental de Galicia.

Artigo 3.-Criterios de aplicación.

1.-Serán criterios básicos na aplicación da presente Ordenanza os de cooperación activa e eficiente respecto de outras Administracións Públicas competentes, (fundamentalmente os concellos do entorno e as Administracións Autonómica e Central con atribucións na materia), así como a máxima participación cidadán tanto dos veciños como das entidades privadas do Concello, a mais da implicación de outros medios persoais que poidan achegarse (protección civil, obxectores de conciencia, etc.).

2.-Os órganos de goberno locais levarán a cabo de xeito permanente actuacións tendentes á sensibilización dos veciños e recabarán a colaboración dos mesmos, especialmente a través das entidades, asociacións, centros de ensino e colectivos de todo tipo que existan no Concello, implantando un sistema áxil de recepción,

comprobación, resolución, ou, no seu caso, traslado á Administración competente, das denuncias e informacións que se reciban.

3.-A mais dos obxectivos concretos que persegue a presente Ordenanza, o Concello de Cambre colaborará institucionalmente coas organizacións públicas e privadas de recoñecida solvencia nas actuacións de sensibilización e solución da problemática medioambiental que afectan ó conxunto do planeta.

Artigo 4.-Criterios de actuación.

1.-Para acadar os fins que se propón a presente Ordenanza, os órganos de goberno municipais darán sempre prioridade ós aspectos relacionados coa prevención e sensibilización, reservando as medidas sancionadoras como último recurso utilizable.

2.-No prazo dun mes a partires da aprobación definitiva do Plan xeral de ordenación municipal, os servicios técnicos do Concello elaborarán un mapa medioambiental, no que terán reflexo non só os espacios naturais, zonas verdes e masas vexetais protexidas senón tamén todo tipo de focos actuais ou potenciais de agresión ós elementos obxecto de protección a través da presente normativa, incluíndo, neste último caso, tamén os que se atopen ubicados fora do territorio municipal cando afecten de xeito importante ó equilibrio medioambiental de Cambre.

3.-O mapa medioambiental constituirá o documento técnico básico de traballo na materia e, a través da súa permanente actualización e revisión, os veciños e os órganos de goberno locais poderán ter unha panorámica integral da saúde ecolóxica do Concello.

Artigo 5.

O Concello desenvolverá accións formativas respecto do contido e finalidade da presente Ordenanza, dirixidas ó seu persoal e ós membros de entidades colaboradoras, de protección civil e obxectores de conciencia así como ós veciños en xeral, con especial incidencia no alumnado dos centros escolares.

Artigo 6.

Cando as actuacións, tanto de tipo preventivo ou correctivo como sancionador, correspondan a competencias reservadas a outras Administracións Públicas ou a ós órganos xudiciais, o Concello instará a intervención dos devanditos órganos.

Título II

Medidas preventivas, educativas e informativas.

Artigo 7.-Medidas preventivas.

Considéranse medidas preventivas:

A) De tipo xeral:

a) A edición e difusión entre os veciños de folletos informativos relativos ó elemento medioambiental de que se trate ou a realización de campañas de sensibilización a través dos medios informativos municipais ou alleos.

b) A promoción, a través de programas de información, sensibilización e concienciación social deseñados polo Concello ou propostos por entidades municipais privadas, que susciten a participación e a colaboración activa dos cidadáns e das empresas para a protección e mellora dalgún dos elementos medioambientais contemplados na presente Ordenanza.

c) A elaboración dun programa de inspección municipal que garanta a visita periódica dos responsables municipais a aquelas instalacións autorizadas que polas súas características específicas poidan conlevar riscos potenciais ou actuais para os elementos medioambientais protexidos, así como ós lugares identificados como mais sensibles ou necesitados de atención na materia.

d) A posta en funcionamento dun teléfono informativo municipal, así como de programas nos que se contemple e promova a colaboración veciñal.

B) Específicas de elementos ambientais concretos:

a) A realización de campañas de replantación e coidado das zonas protexidas e de terreos públicos non urbanizables protexidos, dirixidas especialmente ós escolares e veciños do entorno inmediato.

b) Recabar das outras Administracións públicas, así como das empresas privadas e persoas físicas propietarias de terreos, a súa colaboración para a plantación de arborado autóctono nos terreos da súa propiedade non urbanizados.

c) A elaboración, en colaboración cos servicios sanitarios, de estudos continuados relativos ó efecto producido pola contaminación atmosférica en zonas potencialmente afectadas pola mesma dun xeito especial, así como a instalación de medios de control nas devanditas zonas.

d) A potenciación do uso polos veciños do transporte colectivo ou compartido, especialmente do menos contaminante.

e) A inclusión, dentro dos medios informativos municipais, de datos relativos ó uso axeitado das augas así como dos motivos que impoñen a necesidade de economizar o seu gasto, así como a implantación de estruturas tarifarias disuasorias do abuso na utilización das augas.

f) A implantación, tanto a través da normativa urbanística como mediante actuacións de sensibilización dos veciños e de axudas económicas ou de reducións tarifarias, de medidas tendentes á depuración e reutilización das augas.

g) Calquera outra que o Concello estime conveniente realizar.

Artigo 8.-Medidas educativas.

1.-A educación ambiental estará orientada á formación dos veciños, especialmente dos mais novos, nunha maior aproximación e respecto á natureza, cun enfoque interdisciplinario, abranguendo o conxunto dos niveis educativos e con carácter eminentemente práctico, que fomente a necesaria conciencia ecolóxica na defensa do medio.

2.-O Concello de Cambre promoverá, en colaboración con outras Administracións e coas entidades de iniciativa social do seu ámbito, a educación e formación ambiental que responda ós anteriores criterios, así como o uso didáctico e recreativo da natureza, a orientación das persoas en formación ou desempregadas cara a profesións novas, desaparecidas ou minusvaloradas no mercado de traballo que teñan incidencia directa na protección e defensa medioambiental.

Artigo 9.-Información e participación cidadá.

1.-Salvo casos xustificados e debidamente motivados amparados na normativa aplicable, as actuacións municipais en materia medio ambiental basearanse no libre acceso do público a unha información obxectiva, fiable e completa, ademais da especial relativa a determinados expedientes sobre asuntos concretos, como base dunha efectiva participación das persoas, sectores e entidades implicados.

2.-O Concello dará especial relevancia ós trámites de información pública, facilitando a presentación de alegacións, suxestións e propostas alternativas.

Título III

Actuacións comprendidas na presente ordenanza.

Capítulo I

Zonas verdes

Arborado autóctono e singular

Artigo 10.-Ámbito de intervención.

1.-Corresponde ó Concello neste ámbito:

a) A protección e conservación, a través do planeamento urbanístico, das zonas verdes públicas e as privadas catalogadas como de interés municipal, así como, no seu caso, a adquisición e axeitamento das últimas para destinalas ó seu uso público.

b) A defensa das árbores e das especies vexetais existentes nas rúas, prazas e nos demais bens integrantes do dominio público municipal.

c) A creación de parques e xardíns públicos que respecten os elementos naturais preexistentes complementados con vexetais autóctonos e axeitados ó clima e condicións do lugar.

2.-A efectos da presente Ordenanza, enténdense como zonas verdes os solos de titularidade pública destinados a parque, xardín ou arboredo, os de propiedade privada que estean afectados a esa finalidade e os espazos que polos seus valores ecolóxicos, medioambientais e paisaxísticos sexan obxecto de especial protección no planeamento urbanístico. Así mesmo, quedan comprendidos na mesma consideración os pequenos xardíns públicos situados arredor dos monumentos ou nas illas viarias, as liñas de árbores das beirarrúas e dos paseos e os demais elementos de xardinería da rede viaria ou dos outros bens municipais de uso ou de servizo público.

3.-O catálogo municipal de zonas verdes e espazos naturais é un rexistro de carácter administrativo no que se recollerán, xunto coas zonas e espazos mencionados no artigo anterior, as formacións e as especies vexetais e arbóreas, calquera que sexa a súa titularidade, que, por reunir unhas características peculiares de beleza, antigüidade, historia ou rareza, merezan ser conservadas e protexidas ou se atopen declaradas como tales por disposición legal.

4.-A efectos do establecido no apartado anterior, o catálogo formará parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello como instrumento de ordenación, de acordo co establecido no artigo 32 da Lei 1/1997, do Solo de Galicia.

5.-Nas zonas verdes públicas de nova creación, a súa localización axustarase ó que dispoñan as normas de planeamento e, no seu desempeño, ás regras sobre normalización de elementos constructivos, aplicándose, en todo caso, os seguintes criterios:

a) Manteranse, como regra xeral, os elementos naturais preexistentes: vexetación orixinaria, cursos de auga, brañas, configuración topográfica do terreo e calquera outro elemento que sexa conforme coas características ecolóxicas do lugar.

b) Cando se deba proceder á plantación de vexetais, utilizaranse especies que sexan propias do contorno e compatibles coa tradición e clima da zona e que non esixan para a súa conservación atencións esaxeradas (consumo de auga, produtos fitosanitarios, abonos, etc.).

c) Manterase a debida distancia entre as edificacións existentes ou previstas e as árbores que se planten, de tal xeito que non se produza no futuro perda de alumeamento ou soleada dos edificios ou se causen danos ós solos ou infraestructuras.

Artigo 11.-Actuacións non permitidas.

1.-Quedan expresamente prohibidas e serán obxecto de sanción as seguintes actuacións:

a) A utilización inadecuada das zonas verdes e espazos naturais públicos, especialmente cando o seu uso produza ou poida racionalmente chegar a producir deterioros graves e irreversibles, tanto nos seus elementos naturais como nos instalados artificialmente para a súa conservación ou embelecemento. A efectos do disposto anteriormente, o Concello instalará carteis explicativos das actividades prohibidas e permitidas nela e solicitará dos particulares propietarios de terreos catalogados como zonas verdes a aplicación de medidas que garantan a súa conservación.

b) A tala ou calquera tipo de actuación que poida prexudicar gravemente ós vexetais incluídos no catálogo municipal ou en especies protexidas por disposición legal.

c) A circulación a pé polas zonas axardinadas acoutadas ou, con calquera tipo de vehículos, tanto polo espazo axardinado, acoutado ou non, como polo urbanizado das zonas verdes, agás cando expresamente figure permitido e só exclusivamente para o tipo de uso, vehículo ou vial que no cartel indicativo se sinala.

d) A realización de xogos ou prácticas deportivas incompatibles coa integridade dos vexetais existentes nas zonas verdes e a seguridade das persoas, agás nos espazos interiores ou lindantes coas mesmas especialmente acoutados para tales actividades.

e) Cortar flores, polas ou especies vexetais dentro das zonas verdes ou espazos naturais catalogados.

f) Levar soltos, no interior das mesmas zonas, os cans ou calquera outro tipo de animais domésticos, sendo responsable o propietario dos animais dos deterioros, molestias ou riscos para a saúde que aquel poida ocasionar.

2.-As sancións por infracción das prohibicións anteriores, serán as establecidas no Título IV da presente Ordenanza.

Artigo 12.-Casos especiais.

1.-Cando existan terreos de propiedade municipal que non estean destinados a ser urbanizados, o Concello poderá acordar a súa plantación ou replantación con arborado autóctono.

2.-Asi mesmo, o Concello poderá establecer acordos con centros escolares e entidades privadas para cederlles temporalmente a utilización de terreos de titularidade pública coa finalidade de destinalos a usos comunitarios (hortos ou bosques escolares, parques parroquiais, etc.).

3.-No caso de terreos de propiedade privada existentes en zonas non urbanizables, o Concello iniciará unha política de información e colaboración cos propietarios dirixida á súa plantación ou replantación con especies autóctonas.

4.-Os donos das zonas verdes e formacións vexetais incluídas no catálogo municipal están obrigados a proporcionarlle ás plantas os cuidados e tratamentos fitosanitarios e de calquera outro tipo necesarios para a súa conservación nas mellores condicións. Cando o Concello entenda que a obriga anterior está sendo incumplida, requirirá ós interesados para que realicen as operacións anteriores que

procedan, coa advertencia de que, se non cumpren a orde voluntariamente, será executada de oficio pola Administración Local e por conta do propietario.

5.-En casos especiais, cando se trate de espazos ou formacións vexetais de extraordinario interese para o Concello, este poderá concertar acordos de conservación cos seus propietarios.

6.-Se con ocasión dunha obra pública ou privada, ou de calquera outra actividade humana, accidente ou fenómeno natural quedara destruída total ou parcialmente unha zona verde ou espazo natural ou plantas protexidas incluídas no catálogo municipal, procederase de inmediato á súa reposición, correndo por conta do responsable, de existiren, a indemnización dos danos e prexuízos causados.

7.-Os titulares de zonas verdes ou formacións vexetais incluídas no catálogo municipal non poderán modificalas ou suprimilas sen a correspondente autorización municipal.

8.-Cando, con ocasión de festexos populares ou outras actividades públicas sexa imprescindible a invasión total ou parcial de zonas verdes ou espazos naturais catalogados, o Concello impartirá ós organizadores as instrucións precisas para garantir a máxima dilixencia na súa conservación, advertíndolles das responsabilidades que lles puideran ser esixidas por acción ou omisión ou establecendo unha fianza para aseguralas.

Capítulo II

Contaminación lumínica.

Artigo 13.-Ámbito de intervención.

1.-O presente Capítulo abrangue as emisións lumínicas de alto grao de contraste, tanto fixas como destelleantes, emanadas de instalacións ou aparellos ópticos, mecánicos, eléctricos ou electrónicos de calquera tipo, situadas no interior de locais abertos ó público ou xeneradas por actividades económicas, festivas ou de calquera outro tipo así como as que se atopen ou trascendan ó exterior de edificios e poidan causar trastornos ou riscos para a saúde das persoas.

2.-As emisións á que se refire o apartado anterior, cando emanen de vehículos ou poidan producir trastornos á circulación rodada, rexeranse polo establecido na lexislación vixente na materia.

3.-Nos centros de traballo e respecto do seu persoal, serán de aplicación preferente as disposicións específicas sobre seguridade e hixiene laboral.

Artigo 14.-Actuacións non permitidas

Quedan prohibidas e serán obxecto de sanción, as seguintes actuacións:

1.-A instalación en locais pechados de acceso público (establecementos comerciais ou industriais, cafeterías, discotecas, salas de festas e similares) de fontes lumínicas que, pola súa ubicación, orientación, potencia, intermitencia ou calquera outra característica técnica, poidan producir prexuízos graves á saúde dos órganos visuais das persoas.

2.-A ubicación de similares aparellos en lugares abertos, cando poidan producir os mesmos prexuízos sinalados no apartado anterior ou cando, polo seu funcionamento en horario nocturno, afectaran gravemente ó descanso das persoas residentes na zona.

Artigo 15.-Autorización administrativa previa para as fontes de emisión

lumínica.

1.-As fontes potencialmente xeradoras das emisións ás que se refire o artigo 13, número 1, anterior, xa sexan permanentes ou só temporais ou ocasionais, deberán contar con autorización administrativa previa do Concello de Cambre, sen prexuízo de outras autorizacións administrativas que fosen pertinentes.

2.-Cando se solicite licencia de apertura de novos establecementos, os servizos técnicos municipais comprobarán o cumprimento estrito da presente normativa.

3.-A autorización será denegada cando na instalación solicitada concorran as circunstancias sinaladas no artigo 14, sinalándose ós interesados as medidas correctoras que deben ser adoptadas, agás o establecido no número 5 seguinte.

4.-Para resolver sobre a concesión da autorización, o Concello terá en conta, entre outros posibles criterios, o grao de contraste lumínico da instalación, o seu carácter permanente ou ocasional, o lugar onde está situado e o horario de uso.

5.-O Concello poderá condicionar a concesión da autorización á limitación do seu uso a determinados días e horas ou niveis de potencia, ou requirir previamente o seu apantallamento ou o cumprimento de garantías técnicas que aseguren o mínimo de prexuízo para as persoas, especialmente cando se trate de residentes na zona de ubicación da instalación.

6.-O incumprimento do requisito de disposición de autorización administrativa previa ou o funcionamento de dispositivos autorizados rebasando os límites ou as condicións establecidas para as actividades a que se refire o presente Capítulo será sancionado conforme ó disposto no Título IV da presente Ordenanza, salvo que a súa penalización corresponda a outras Administracións Públicas competentes por razón da materia.

Capítulo III

Contaminación atmosférica.

Artigo 16.-Ámbito de intervención.

1.-Atinxe ó Concello de Cambre a intervención en materia de emisión á atmósfera de partículas ou gases nocivos para a saúde pública e para a conservación do medio vexetal e animal, ou simplemente molestos, por parte de persoas físicas ou xurídicas que desenvolvan dentro do territorio municipal as actividades que os xeneran, cando tales competencias non se atopen reservadas legalmente a outras Administracións Públicas.

2.-Cando a competencia corresponda a outra Administración Pública ou a fonte emisora se atope ubicada fora dos límites do territorio municipal, o Concello de Cambre, en cumprimento do obrigado principio de colaboración, demandará das Administracións ou organismos que a teñan atribuída as informacións necesarias para un coñecemento exhaustivo da realidade do estado atmosférico na zona, así como a posta en práctica das medidas correctoras e preventivas necesarias.

Artigo 17.-Actuacións non permitidas.

1.-Quedan expresamente prohibidas e serán obxecto de sanción, as seguintes actuacións:

a) A queima, directamente á atmósfera e sen autorización administrativa, de calquera tipo de produtos ou sustancias. Esta actuación considerarase como especialmente grave cando se realice en período de seca e en lugares nos que exista

risco de propagación, ou se a queima se producira nas proximidades de vivendas e establecementos públicos ou privados, ou de vías de circulación rodada, así como tamén cando polas condicións climáticas ou xeográficas ou polo tipo de produtos incinerados os fumes e residuos da combustión poidan afectar negativamente á saúde humana, ou á vida animal ou vexetal.

b) A emisión á atmósfera de substancias procedentes de actividades económicas, cando se sobrepasen os límites autorizados ou se deixen sen poñer en funcionamento os medios de depuración esixidos pola normativa vixente como condición para autoriza-la actividade.

c) A circulación con vehículos a motor que expelan ó ar residuos gaseosos en niveis superiores ós legalmente establecidos.

2.-As sancións por infracción das prohibicións anteriores serán as establecidas no Título IV da presente Ordenanza.

Artigo 18.-Casos especiais:

Non queda incluída dentro do suposto especificado no apartado a) do artigo 17, a queima de produtos de orixe vexetal realizada a través das cociñas ou calefaccións domésticas, así como as que se leven a cabo, coas debidas precaucións (e no seu caso, autorización), como actividades campestres, festivas ou tradicionais (barbacoas, lumeiradas, etc.) ou agrícolas (queima de rastrollos, etc.).

Capítulo IV

Protección e conservación da fauna natural.

Trato humanitario ós animais domésticos.

Artigo 19.-Ámbito de intervención.

Corresponde ó Concello neste ámbito:

a) A posta en marcha de medidas de información entre o vicindario para adquisición de coñecementos específicos e actitudes positivas en relación á fauna salvaxe e co trato digno ós animais non agresivos ou prexudiciais, especialmente ós domésticos e domesticados.

b) A creación e conservación de espazos naturais que poidan servir de refuxio á fauna salvaxe.

c) A limitación ou prohibición da realización de prácticas nocivas ou perturbadoras para a vida animal dentro dos espazos naturais catalogados ou en calquera outra zona cando se trate de actuacións agresivas a especies e individuos que non deban considerarse racionalmente danos para as persoas ou as súas propiedades.

Artigo 20.-Actuacións non permitidas.

1.-Quedan expresamente prohibidas e serán obxecto de sanción, as seguintes actuacións:

a) A utilización de venenos, insecticidas e herbicidas que supoñan un perigo para a vida ou a supervivencia animal, agás exclusivamente para as especies que tratan de combatirse. Considerarase motivo de especial agravación a utilización de produtos que poidan entrar na cadea trófica.

b) O uso de armas, trampas, lazos, cepos ou calquera outro medio agresivo similar, salvo as actuacións que estean directamente amparadas pola lexislación

vixente sobre caza e pesca e nos lugares especialmente permitidos para elo.

c) A introducción na vida silvestre de especies animais foráneas, sen contar previamente co estudo ambiental e a autorización do órgano administrativo competente.

d) O abandono de animais domésticos ou domesticados. Neste caso considerarase como circunstancia agravante que se atopen enfermos ou feridos ou que poidan supor riscos para as persoas ou para outros animais polas condicións específicas do caso (agresividade, transmisión de plagas ou similares).

e) O uso de métodos de crueldade no trato a calquera tipo de animais ou a utilización destes en actividades que lles ocasionen dano ou sufrimento ou atenten ó respecto que merece calquera ser vivo, mesmo cando sexa con fin de sacrificarlos para a alimentación.

f) A omisión de cumprimento das medidas sanitarias legalmente preceptivas respecto dos animais domésticos ou domesticados así como das preventivas que procedan cando estes poidan ocasionar riscos para as persoas ou a propiedade allea.

g) A tenencia en fincas, vivendas unifamiliares ou pisos de animais de compañía, protección ou axuda sen cumprir as obrigas a que se refire o artigo 21.1 de esta Ordenanza. Considerarase motivo de agravación da presente infracción o incumprimento de medidas de seguridade cando se trate de animais de vixilancia ou potencialmente agresivos, así como a omisión das medidas sanitarias obrigatorias polo propietario.

2.-As sancións por infracción das prohibicións anteriores, serán as establecidas no Título IV da presente Ordenanza.

Artigo 21.-Casos especiais:

1.-Animais de compañía, protección e axuda:

1.1.-Resulta positiva para as persoas, a compañía de animais domésticos, tanto polo seu valor afectivo, como pola seguridade, vixilancia e axuda que poden prestar en moitos casos (cegos, persoas maiores, etc.). 1.2.-A tenencia dos devanditos animais en fincas, vivendas unifamiliares ou outro tipo de domicilios particulares constitúe un uso social habitual que non require autorización algunha, sempre que se trate de especies domésticas e os propietarios cumpran rigorosamente as medidas sanitarias e de calquera outro tipo contempladas na lexislación vixente e non supoñan riscos ou incomodidades graves para os restantes veciños.

Producirase risco ou incomodidade grave para os veciños cando os cans nos lugares de uso público ou comunitario non vaian atados pola persoa que os acompañe.

1.3.-Cando se trate de animais potencialmente agresivos ou perigosos (cans de vixilancia ou defensa de fincas, vivendas unifamiliares ou outras edificacións ou instalacións ou de persoas) os propietarios quedan estrictamente obrigados a adoptar as medidas necesarias para eliminar calquera posibilidade de saída dos animais fora do recinto ou que, mesmo desde o seu interior, poidan producir danos ou molestias ás persoas que circulen ou residan nas proximidades, así como a instalar os necesarios rótulos de advertencia. Estes cans, ademais de ir sempre atados, segundo o apartado anterior, deberán de ir con bozal sempre que vaian por un lugar de uso público ou comunitario.

1.4.-Os propietarios ou posuidores de cans deben inscribilos, no prazo de cinco días a partires da súa adquisición, no censo municipal correspondente que se cree.

1.5.-O Concello expedirá unha cartilla identificativo-sanitaria que será obrigatoria para os cans e de libre adquisición para os restantes animais de compañía. Nela figurarán, a mais dunha fotografía do animal, o seu nome e a identificación do seu propietario e, no seu caso, os datos relativos ós controles sanitarios realizados. A

devandita cartilla poderá ser substituída ou complementada por un procedemento electrónico de identificación.

2.-Os animais abandonados ou de propietario descoñecido serán recollidos polos servicios municipais e confiados perante un prazo de cinco días naturais á custodia e coidados dunha entidade privada concertada ou contratada para tal fin ou dun particular que, voluntariamente, asuma esa responsabilidade. Transcorrido o devandito prazo sen producirse reclamación de propiedade, o Concello adoptará as medidas que estime convenientes.

3.-Cando se produzan actuacións prexudiciais para especies protexidas por disposicións legais ou con infracción do establecido nas normativas específicas de caza e pesca, serán denunciadas polo Concello ós organismos competentes.

Título IV

Réxime sancionador

Artigo 22.-Infraccións.

1.-Terán a consideración de infracción a realización efectiva, culposa ou dolosa, das actuacións descritas como non permitidas nos capítulos I a IV do Título III de esta Ordenanza, agás nos casos concretos nos que se atopen expresamente exceptuadas. Cando a actuación sancionable se atope entre as tipificadas polo artigo 33 da Lei Autonómica 1/1995, de Protección ambiental de Galicia ou en calquera outra disposición legal ou regulamentaria e a competencia sancionadora, por razón de materia ou de territorio, sexa de Administración distinta, o Concello absterase de continuar o procedemento sancionador e remitirá todo o actuado á Administración competente.

2.-As infraccións distintas as sinaladas no artigo 33 da Lei 1/1995 clasificaranse en leves, graves e moi graves.

2.1.-Para a consideración de estas infraccións como leves, graves ou moi graves terase en conta o número de circunstancias de agravación conxuntas, tomando en consideración a tal efecto, as que seguen:

- a) Custo económico da restauración superior a 250.000 ptas.
- b) Irreversibilidade do dano causado.
- c) Repercusión grave ou negativa na saúde das persoas ou especies, ou grave deterioración dos recursos naturais.
- d) Cando o dano afecte recursos únicos, escasos ou protexidos.
- e) Cando o dano afecte gravemente ós ciclos vitais ou ecosistemas básicos.

2.2.-A infracción considerarase como moi grave cando concorran conxuntamente tres ou mais circunstancias de agravación.

2.3.-Terán a consideración de graves, as infraccións nas que concorran unha ou dúas circunstancias de agravación.

2.4.-As restantes infraccións terán a consideración de leves.

2.5.-A Administración Local poderá, no transcurso do procedemento sancionador e sempre en favor do expedientado, compensar unha ou varias circunstancias de agravación conxuntas cando conste que o mesmo tivera realizado por propia iniciativa e con anterioridade á resolución definitiva, actuacións que eliminaran ou atenuaran sensiblemente o dano producido.

Artigo 23.-Responsables.

1.-A responsabilidade pola comisión das actuacións sancionables poderá recaer tanto en persoas físicas como xurídicas.

2.-Considerarase responsable da actuación á entidade xurídica cando quede acreditado que a persoa ou persoas físicas causantes da acción tivéranla levado a cabo como consecuencia directa ou indirecta de acordos, ordes ou instrucións da dirección da mesma ou cando elas mesmas sexan as titulares ou promotoras da actividade.

3.-No caso de infraccións cometidas por menores ou incapaces, a responsabilidade corresponderá ás persoas ou entidades que teñan atribuída a patria potestade, tutela ou garda legal, agás que acrediten ter actuado coa necesaria dilixencia. No caso de maiores de 16 anos que tiveran cometido a infracción por razón da relación laboral con outra persoa ou entidade, estarase ó disposto no apartado anterior.

4.-Cando conorra en varias persoas a autoría da infracción ou cando a deterioración ambiental estea ocasionada por unha acumulación de infraccións e non fose posible determina-lo grao de participación efectiva de cada unha delas, a responsabilidade será solidaria.

Artigo 24.-Medidas cautelares.

1.-Toda actividade que, precisando legalmente autorización ou licenza municipal, se iniciase ou puxera en marcha sen ela ou incumprindo manifestamente as condicións establecidas na mesma, será inmediatamente suspendida polo órgano municipal competente, sen prexuízo da esixencia de responsabilidades ás que puidera haber lugar.

2.-Naqueles casos nos que exista risco grave ou inminente para o medio natural nunha obra, negocio ou actividade que corresponda autorizar ó Concello, a Alcaldía poderá ordenar motivadamente a suspensión inmediata da actividade e calquera outra medida cautelar necesario, sen prexuízo da iniciación do expediente sancionador que, no seu caso, puidera proceder. Se as medidas cautelares non requiriran unha actuación inmediata, a súa adopción levarase a cabo logo de audiencia ó interesado polo prazo de cinco días.

3.-Con independencia das demais medidas que se adopten para garanti-la eficacia da resolución que no seu momento se dicte, con carácter cautelar o Concello poderá acorda-la inmediata adopción de medidas correctoras imprescindibles para evita-los danos ou as molestias graves que se estean ocasionando como consecuencia das actividades presuntamente infractoras. As ditas medidas adoptaranse logo de audiencia do interesado por un prazo de cinco días, agás naqueles casos que esixan unha actuación inmediata.

Artigo 25.-Sancións.

1.-As infraccións ás normas contidas nesta ordenanza sancionaranse do seguinte xeito:

a) Infraccións leves: con multa desde 5.000 ata 250.000 ptas.

b) Infraccións grave: con multa desde 250.000 ata 1.500.000 ptas, peche temporal do establecemento ou suspensión da actividade por un espacio de tempo non superior a seis meses.

c) Infraccións moi graves: con multa de 1.500.001 ata 10.000.000 de pesetas, peche do establecemento ou suspensión da actividade por espacio superior a seis meses ou de xeito definitivo.

2.-Sen prexuízo da sanción que en cada caso proceda, o infractor deberá repara-

lo dano causado e indemnizar a quen corresponda polos danos e perdas ocasionados, segundo valoración que realizará o Concello. A reparación e a reposición dos bens terán como finalidade, cando sexa posible, logra-la restauración do elemento medioambiental lesionado ó seu estado anterior á comisión da infracción.

3.-Sempre que se aprecie claramente boa fe no suxeito responsable da infracción, de estimarse que a sanción imposta podería producir prexuízos irreversibles de tipo familiar ou empresarial, poderán condonarse totalmente ou reducirse na súa contía cando o responsable, previo acordo co Concello, se comprometa e leve a cabo efectivamente unha conducta activa que, a mais da reparación do prexuízo causado, supoña unha mellora medioambiental dentro do territorio municipal de Cambre nalgún dos aspectos que son obxecto de regulación na presente Ordenanza. A competencia para decidir sobre deste tipo de transaccións corresponderá á Comisión Municipal de Goberno.

4.-Por acordo plenario da Corporación, poderase crear unha Comisión Municipal de Mediación, con participación das entidades veciñais, para facilitar a solución dos conflitos que deriven das regulacións contidas na presente Ordenanza.

5.-Para a graduación das sancións estarase ó disposto no artigo 131.3 da Lei 30/92, do Regulamento xurídico das administracións públicas do procedemento administrativo común ou norma posterior que a substitúa, e artigo 37 de Lei autonómica 1/1995, de protección ambiental de Galicia ou norma posterior que a substitúa.

Artigo 26.-Prescripción. Procedemento sancionador.

Os períodos para a prescripción das infraccións e sancións e o procedemento sancionador serán os establecidos con carácter xeral na vixente Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e polo Regulamento do procedemento para exercicio da potestade sancionadora, do 4 de agosto de 1993.

Título V

Relacións interadministrativas e concertos.

Artigo 27.

1.-O Concello de Cambre colaborará coa Xunta de Galicia e cos restantes Concellos da zona, tanto para solicitar e facilitarse mutuamente información como tamén para articular as respectivas competencias dentro dos criterios e principios básicos que regulan a relación interadministrativa. A tal fin, poderá asinar coas devanditas Administracións os convenios de colaboración precisos para tal fin.

2.-Asemade, o Concello poderá concertar con outras Administracións públicas ou con entidades privadas a realización ou colaboración en determinadas tarefas atribuídas na presente Ordenanza, cando non dispoña dos medios técnicos ou humanos necesarios.

Disposición adicional.

Nos orzamentos municipais de cada ano, incluírase unha partida específica para desenvolver os programas e actuacións previstos na presente Ordenanza.

Disposición transitoria.

No prazo dun mes a partires do inicio da vixencia legal da presente Ordenanza, o Pleno aprobará o programa-calendario de posta en marcha das previsións organizativas contidas na mesma.

Disposición final.

A presente ordenanza entrará en vigor ós vinte días da publicación do seu texto no Boletín Oficial da Provincia.

Cambre, decembro de 1999.

O alcalde,

Asdo.: Antonio Varela Saavedra.

Reg. 912-PD / 905



De acuerdo con el artículo 7.1 de la Ley 5/2002, del 4 de abril, Reguladora de los Boletines Oficiales de las Provincias, los originales serán transcritos en la misma forma en que se hallen redactados y autorizados por el órgano remitente, sin que por ninguna causa puedan variarse o modificarse sus textos una vez éstos hayan tenido entrada en el Boletín Oficial, salvo que el órgano remitente lo autorice de forma fehaciente.